

ELIXIR Á PERSOA ADECUADA

Con esta actividade traballamos

Os estereotipos sobre homes e mulleres.

Pensamento crítico cara a opinións e estereotipos de xénero.

Cal debe ser o noso papel no mantemento e a difusión de estereotipos de xénero.

ODS 5.

Durará

Unha sesión.

Consideracións previas

Os papeis que homes e mulleres teñen na sociedade están moi relacionados cos estereotipos de xénero.

As percepcións que temos sobre os demais son o resultado de certos procesos cognitivos e moi a miúdo, estas percepcións están condicionadas polos estereotipos.

A nosa forma de percibir a realidade social que nos rodea é formando grupos, marcando diferenzas e atribuíndo características para cada un dos colectivos. A través dos estereotipos clasificamos ás persoas segundo as características do grupo. Nese sentido, os estereotipos son positivos, na medida en que organizan o caos da realidade complexa que nos rodea, e negativos na medida que nesgan e limitan a información que recibimos de persoas que pertencen a grupos diferentes do noso.

Segundo a valoración que demos, os estereotipos poden ser: positivos, negativos ou neutros, Por exemplo:

Positivo: As mulleres son sensibles.

Negativo: As mulleres son faladoras.

Neutro: As mulleres andaluzas son morenas.

Nesta actividade, trabállanse os estereotipos de xénero, de xeito que, como o alumnado debe defender razoadamente as opcións que elixise, poidan caer na conta de que moitas delas non teñen unha base lóxica. En realidade, a conclusión debe ser que o importante é que as persoas sexan adecuadas para un posto, con independencia do seu sexo.

Desenvolvemento

Proxectar ou facilitar o cadro do anexo, explicándolles o seguinte:

"Sodes responsables dunha empresa de recursos humanos. Chegáronvos unha serie de persoas, xa seleccionadas polo seu currículo, como adecuadas para distintos postos. Agora debedes elixir ás definitivas asignando igual número de postos de traballo (cinco) a homes e a mulleres. Asignar cinco homes e cinco mulleres aos distintos postos"".

A continuación, dividir ao alumnado en varios grupos. Dentro de cada un, deben poñer en común a decisión que tomádes para asignar os postos. Dentro do grupo, deben acordar a lista definitiva de postos de traballo asignados. Cada persoa debe dar razóns para defender a súa opción.

Pídese ao grupo que elixa unha. Deben argumentar as razóns que vos levan a tomar a vosa decisión.

Hai que reflexionar

Cando todos os grupos rematen, vaise pedindo, dun nun, que respondan a preguntas sobre o traballo que fixeron:

- Houbo, en xeral, coincidencia na asignación dos distintos traballos?
- Resultouvos difícil chegar a un consenso?
- Asignastes rapidamente algún dos postos? Cales? Por que?
- Custouvos asignar algún deles? Cales? Por que?
- Houbo algunha posición diferente á formulación da actividade dentro do grupo?

Unha vez que falasen todos os grupos, dialogar co alumnado a partir de preguntas como estas:

- Parcévos lóxico asignar os postos de traballo en función do sexo?
- Coñecedes exemplos de mulleres que realicen tarefas que xeralmente non se asocian co seu sexo? E homes?
- Sabedes que é un estereotipo? (Explicar aquí, se é necesario, o concepto de estereotipo)
- Considerades que respondestes atendendo a estereotipos de mozos e mozas?
- Considerades que vos axuda a madurar como persoa eliminar os estereotipos? Como?
- Que aprendemos con esta actividade?

Cadro 1

A quen propoñemos para...?	Home	Muller
<ul style="list-style-type: none"> • Dirixir un departamento de enxeñería. • Dirixir unha pequena empresa de decoración. • Gravar un documental de alto risco • Liderar unha aventura en canoa por un río. • Dirixir un coro xuvenil. • Coordinar un grupo de voluntariado con anciáns. • Preparar un equipo de fútbol. • Coidar duns nenos e nenas pequenas unha tarde. • Dirixir a cociña dun bo restaurante. • Dirixir a cociña dunhas colonias de verán para nenos e nenas. 		